



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Nota informativa: Formación Continua

No día e onte reunímonos a parte social e a Administración na mesa de Formación Continua coa intención de chegar a un acordo no plan de formación para o ano 2009.

O Plan de Formación ofertado pola AEAT para este ano é máis do mesmo, coas mesmas carencias que noutros anos en temas como a preparación para a promoción interna, cursos cunha duración ridícula (por exemplo, o curso de Prevención de Riscos Laborais para persoal do SVA Marítimo ten unha duración de 6 horas cando o mínimo estipulado por lei sería 35 horas),etc... Ademáis, non se garantiu que os cursos comprometidos se foran dar na súa totalidade, pois deixan aberta a posibilidade de recortes debido a crise. Tamén pedimos que se nos explicara o proceso de selección do profesorado debido ás numerosas queixas recibidas, sen conseguir unha resposta aceptable por parte da Admón.

Sí que fomos capaces de conseguir un compromiso por parte dos responsables de Formación para que nas Administracións onde o numero de alumnos sexa suficiente (caso de Santiago, Ferrol, etc), e non teñan que desprazarse á Delegación, e así poder facelo na propia Administración. Iso é unha vella reivindicación nosa que, ano tras ano, quedaba no olvido por parte da AEAT e que, por fin, parece que vai ter solución.

Este ano decidimos non asinar o Acordo de Formación Continua por coherencia, pois levamos anos insistindo nas carencias da formación da AEAT: sen cursos de reciclaxe, con cursos demasiado teóricos, con formación para a promoción interna "a distancia"...etc., con profesorado, en xeral, pouco preparado, e cuns cursos de axuda á promoción interna que non cumpren as expectativas.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM